

APALABRANDO PALABRAS

O obradoiro vai dirixido a un grupo de rapazas e rapaces de altas capacidades. Será impartido en cinco mañás dos sábados 26 de abril, 10 e 24 de maio e 7 e 21 de xuño.

Lugar: Na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Horario: 10:30 a 12:00.

Este obradoiro persegue os seguintes obxectivos:

- Comprender a palabra escrita coma unha fonte infinita de creatividade.
- Descubrir a beleza que as palabras encerran, en función das significacións de que as impregnamos.
- Animar á lectura a través da escrita.
- Comprender que o feito literario é un labor caristoso que, como calquera outro traballo que se pretenda facer ben, esixe dedicación e constancia.
- Procurar desentrañar as gratificacións que produce o traballo ben feito.
- Ensañar o traballo cooperativo, mesmo en actividade tan individual como é a creación literaria.
- Comprender que quen escribe non se debe apenas a si mesmo, senón á colectividade na que se sustenta a súa imaxinación. Comprender que todo feito literario é, xa que logo, un feito colectivo.
- Do feito anterior, comprender que o uso da lingua da comunidade é a máis nobre e mellor contribución que o escritor o escritora pode ofrecer á cultura universal.
- Descubrir e practicar diversas técnicas de creación literaria.

CALENDARIO DA ACTIVIDADE

O calendario que se presenta é unha posíbel distribución das actividades a realizar, tendo en conta que os contidos que pretenden cumprir algúns dos obxectivos previstos, desenvolveranse de xeito transversal ao longo dos cinco días.

1ª día. A narración.

Técnica motivadora: Traballarase a narrativa a partir da utilización dun recurso lúdico: o caramelo das palabras. Cada asistente desenvolverá o rascuño dunha narración efervescente, provocada pola degustación dun caramelo.

Lectura dos textos escritos e comentarios sobre os mesmos.

Proporase ao alumnado a posibilidade e boa disposición para reescribir os textos en cadanseu domicilio. Enviarán por correo-e os seus traballos para, a partir da súa lectura, poder lles facer novas propostas e suxestións de mellora.

2º día. A narración.

Revisión dos textos escritos. Suxestións.

Proposta de novos textos.

Nova técnica lúdica e motivadora: As historias compartidas. Realizaranse tantas narracións como asistentes, nas que colaborarán en igual medida, todos e cada un deles.

Lectura das historias e suxestións de corrección.

3º, 4º e 5º día. A poesía.

Traballaranse diversos recursos poéticos.

Técnica motivadora: Explícase o xogo da chapa ou mariola, como metáfora da vida, unha sorte de camiño iniciático que nos leva dende a terra até o ceo, dende os pés até a cabeza, dende as raíces até as pólas que conforman a nosa árbore de creatividade; sempre superando obstáculos, de casa en casa.

Propónse a mariola das palabras. Cada poemiña elaborado é unha casa superada, até atinxir a última delas que será a metáfora final.

Experimentase a escrita dunha metáfora para construír un verso.

Xúntanse dous versos para escribir aleluias e pareados.

Lense tríades e imítase a súa construción.

Tras da lectura comentada de haicais, practícase a súa escrita.

As cantareas populares.

Os limericks.

Antón Cortizas.